



IES "Isaac Díaz Pardo"



PEC

Documento 3

➔ *Plan de convivencia*



Plan de convivencia



PEC - Documento 3



Plan de convivencia



IES "Isaac Díaz Pardo"

O presente documento ten por obxecto dar cumprimento á Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar e ao Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que a desenvolve, no que respecta ao Capítulo II, Documentos e recursos complementarios sobre a convivencia escolar, Sección 1ª, pola que establece o obxecto, fins, principios e estrutura do

PLAN de CONVIVENCIA

Actualización aprobada polo Claustro e Consello Escolar en reunións ordinarias celebradas o 10 e o 25 de setembro de 2024.

O documento pretende describir todas as actuacións que se desenvolven no instituto conducentes á consecución dun mellor clima de traballo que propicie o logro dos obxectivos educativos recollidos na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e na normativa que desenvolven as ensinanzas que se imparten no noso centro.

ÍNDICE

Capítulo I. Análise da situación, partindo dun diagnóstico previo da convivencia no centro	7
a. Características do centro e do seu contorno que contextualizan a intervención educativa.....	7
b. Principios xerais.....	9
c. Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.....	10
d. Estado das relacións e da participación na vida do centro por parte do profesorado, do alumnado, das familias e do persoal de administración e servizos e de atención educativa complementaria, así como doutras institucións e entidades do contorno.....	10
e. Conflitividade detectada no centro, indicando o tipo e número de conflitos que se producen e os sectores implicados nestes.....	11
f. Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas.....	12
Capítulo II. Obxectivos específicos do Plan de Convivencia derivados da análise previa	13
Capítulo III. Descrición e concreción das actuacións, das medidas ou dos programas que se van desenvolver para favorecer a convivencia, incluíndo medidas preventivas e de sensibilización e actuacións organizativas, curriculares e de coordinación.....	16
Capítulo IV. Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, de conformidade co establecido no artigo 30.2 da Lei 4/2011, do 30 de xuño	22
Capítulo V. Normas de convivencia do centro, coa concreción dos dereitos e dos deberes dos diferentes membros da comunidade educativa, así como un protocolo que contribúa á detección ou ao incumprimento destas.....	23
Capítulo VII. Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento que, de ser o caso, se aplicarán, de conformidade co establecido no Decreto en desenvolvemento da Lei 4/2011 e demais normativa que sexa de aplicación.....	30
a. Condutas contrarias á convivencia. Principios xerais e tipificación. .	30
b. Medidas correctoras.....	34
c. Procedemento para a imposición de medidas correctoras.....	36
d. Prescrición das condutas contrarias á convivencia e das medidas correctoras.....	45

Capítulo VIII. Normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro, a súa composición, a periodicidade das reunións e o plan de actuación e, de ser o caso, da aula de convivencia inclusiva ou da escola de nais e pais.	47
Capítulo IX. Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno	50
Capítulo X. Estratexias para realizar a difusión do Plan de Convivencia .	51
Capítulo XI. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do Plan de Convivencia	51

Capítulo I. Análise da situación, partindo dun diagnóstico previo da convivencia no centro

a. Características do centro e do seu contorno que contextualizan a intervención educativa.

O IES Isaac Díaz Pardo está situado no centro da vila de Sada, na zona coñecida como as Brañas. Na actualidade a oferta educativa abrangue Ensinanza Secundaria Obrigatoria (ESO), Bacharelato e Educación Secundaria de Adultos (ESA).

Na actualidade é o único centro no concello no que se imparten os estudos de Bacharelato e ESA, nos niveis III e IV.

En canto ao alumnado, o número de estudantes nos últimos cursos achégase aos 600. Proceden maioritariamente do Concello de Sada, aínda que tamén de concellos limítrofes. Débese facer mención especial ao alumnado de procedencia estranxeira, habitualmente con dominio da lingua castelá, que acostuma a incorporarse ao longo do curso e que, en ocasións, presenta desfase curricular.

Respecto ao profesorado, preto do 70% ten destino definitivo no centro. O clima de traballo é cordial, exento de conflitos que permite garantir liñas de actuación.

Existe un ANPA, participativa e dinámica tanto á hora de planificar e levar a cabo actividades coma á hora de participar nos órganos de goberno do centro.

O Persoal de Administración e Servizos intégrano unha administrativa, 3 ordenanzas e cinco limpadores/as. A súa relación co resto da comunidade educativa é boa e considerada de grande importancia de cara a convivencia do centro.

Un dos obxectivos da Programación Xeral Anual Curso 2024/25 é desenvolver un plan de actuación que permita avanzar no desenvolvemento dos valores e principios recollidos no Proxecto Educativo de centro.

Co fin de mellorar o clima escolar, clave para acadar o éxito educativo, o centro incorpórase ao Programa TEI no curso 2017/18. O obxectivo é avanzar na integración escolar e traballar por unha escola inclusiva, fomentando que as relacións entre iguais sexan máis satisfactorias.

En xaneiro de 2020, incorpora o Plan de Igualdade ao Proxecto Educativo do Centro, que se desenvolve anualmente no marco da Programación Xeral Anual.

A volta ás aulas no curso 2020/21, logo da crise sanitaria, pon de manifesto o impacto do confinamento no rendemento académico do alumnado e especialmente na saúde emocional da comunidade educativa.

É neste curso no que se pon en marcha o Programa Alumnado Axudante en 1º e 2º da ESO. Un grupo de alumnos e alumnas de cada clase, que presentan as habilidades emocionais apropiadas, desenvolven funcións de acompañamento ao alumnado máis vulnerable.

As experiencias doutros centros educativos demostran que, utilizando estratexias de axuda entre iguais, é posible mellorar o clima do centro e o desenvolvemento persoal e social do alumnado axudante e do alumnado axudado.

No curso 2021/22, o Programa de Alumnado Axudante e Mediador completan o sistema de axuda entre iguais. Na Memoria final do curso reflíctense como propostas de mellora:

- nomear coordinadores de convivencia por nivel e reservar unha reunión semanal cos titores de nivel, equipo directivo, responsable do departamento de orientación e da dinamización da convivencia,
- crear un espazo físico de axuda entre iguais cos recursos precisos para desenvolver as actividades
- e solicitar contratos programa que faciliten o desenvolvemento do plan de mellora.

O curso 2021/22 destaca polo aumento de casos de angustia, estrés ou ansiedade entre o alumnado de todos os niveis e que se fai extensivo as súas familias. Foi preciso solicitar a intervención dos Equipos de Orientación Específico (EOE) e da Unidade de Acompañamento e Orientación persoal e familiar (UACO).

No curso 2022/23, como instrumento de apoio, incluído na PXA, o centro solicita un plan de mellora nas modalidades: IGUÁLA-T e EMOCIONA-T.

Para o curso 2023/24 un dos obxectivos prioritarios é desenvolver o Plan de traballo da coordinadora de benestar e recibir formación externa, tanto para a coordinadora de benestar como para o alumnado axudante e mediador, co fin de consolidar as habilidades necesarias para levar a cabo correctamente a súa labor colaborativa de axuda e mediación.

No curso 2023/24 o centro solicita un plan de mellora, incluído na PXA, nas modalidades: CONVIVE-T e EMOCIONA-T.

Entre os obxectivos para o curso 2024/25 destaca:

Procurar recursos para fortalecer o club de convivencia, tanto humanos como materiais.

Crear dunha zona de patio dinámica con xogos de mesa.

Desenvolver obradoiros sobre adquisición de habilidades sociais e de xestión de emocións para alumnado e profesorado.

Crear un grupo de apoio LGTBI.

Crear un repositorio accesible na web do centro con ligazóns relacionadas co benestar emocional para o alumnado e as familias.

Visibilizar no centro e na web o traballo realizado en convivencia.

b. Principios xerais.

No IES Isaac Díaz Pardo en materia de convivencia escolar, presiden os nosos actos os seguintes principios xerais:

- A Educación na liberdade: Consideramos que a educación debe capacitar para unha libre elección entre as diversas opcións que na vida se ofrezan. Potenciamos a autonomía de acción que axude a xerar un pensamento libre, construído a través da observación, experiencia e análise propio.
- A Educación na responsabilidade: a educación debe transmitir e formar na responsabilidade ante os feitos e actuacións de todos os membros da comunidade educativa.
- A educación na paz e a tolerancia: debemos transmitir os hábitos tendentes a conseguir un clima de paz e tolerancia no noso centro docente, de forma que fomentemos unha cultura da " non violencia" e o respecto aos demais.
- A Educación na igualdade e a diversidade: a educación ha de estar exenta de todo tipo de discriminación, cremos na igualdade social entre todos e atendemos á diversidade intelectual, cultural, social, etc. Evitaremos as desigualdades derivadas de factores sociais, económicos e culturais, xeográficos, étnicos ou de calquera outra índole.
- A Educación como integración: garantimos unha educación de calidade para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.
- Coeducación: debemos contribuír para que a educación promova a adquisición de valores de igualdade e non discriminación en función do sexo, a través do impulso de valores de convivencia e resolución pacífica de conflitos.
- A Educación como participación: a educación non é so "transmisión individual de coñecementos", senón que abarca a formación integral da persoa, á que contribúen todos os compoñentes da comunidade educativa. Fomentamos a preparación do alumnado para participar activamente na vida social e cultural.
- A Educación na democracia: favorecemos a educación dentro do marco democrático concibindo este como o mellor sistema e o máis humano para a participación social. A vida do centro terá presente este valor en todas as súas actuacións, formando cidadáns que participen ou poidan participar libre e responsablemente nas institucións políticas e sociais, capaces de respectar en todo momento as leis e normas vixentes.
- A Educación como servizo: concibimos a educación como un servizo aos demais, exenta de protagonismo persoal e de todo tipo de manipulación. Potenciamos a solidariedade entre o alumnado para compartir axudando aos demais dende o respecto e a igualdade.
- A Educación con calidade: transmitimos a calidade como valor imprescindible da educación, por tanto debemos facilitar os recursos persoais, organizativos e materiais, axustados ás necesidades do alumnado para que todos e todas poidan ter as oportunidades que promoverán o máis posible o seu progreso académico e persoal.

c. Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.

Respecto á xestión e organización do centro, dentro do principio básico de prevención, damos especial importancia en primeiro lugar, ao cumprimento estrito da normativa relacionada co proceso de admisión do alumnado no relativo á difusión do noso Proxecto Educativo, incidindo nas normas de organización e convivencia, porque temos a crenza de que a mellor prevención é o coñecemento das mesmas. Os procedementos que desenvolvemos atópanse descritos no Capítulo III deste documento.

Dende o punto de vista de xestión e organización, a confección de grupos de estudantes seguindo os criterios descritos no capítulo III considerámolo fundamental, así como a ubicación dos mesmos no edificio.

Respecto ao profesorado, priorízase a formación. Así na primeira semana de cada ano académico celébranse xornadas formativas que faciliten o coñecemento do centro e a coordinación.

d. Estado das relacións e da participación na vida do centro por parte do profesorado, do alumnado, das familias e do persoal de administración e servizos e de atención educativa complementaria, así como doutras institucións e entidades do contorno.

A participación na vida do centro por parte do profesorado promóvese a través das canles legalmente establecidas: reunións de departamento, Comisión de Coordinación Pedagóxica, Claustro e Consello Escolar. A participación é activa e cooperativa, valorándose como positiva. Ademais a comunicación podía cualificarse como moi fluída a través do diálogo que se establece con outros membros da comunidade educativa en xeral e co Equipo Directivo en particular.

O alumnado participa na vida do centro a través das reunións da Xunta de delegados, que é especialmente activa cando estes reciben unha convocatoria de folga. Ademais participan nas reunións do Consello Escolar nas que contan con representación. No centro foméntase que os estudantes sexan quen de solucionar os seus problemas recorrendo a canles oficialmente establecidas sen reparo: titor/a, Xefe/a de estudos, Xefe/a do Departamento de Orientación ou Director/a, o cal valoramos moi positivamente.

As familias fan valer o seu dereito á información académica e de integración social no centro dos seus fillos a través dos/as titores/as e resto do profesorado, Xefes/as de estudos e Departamento de Orientación e Dirección. Non en van insístese nas reunións de principio de curso cos pais, en que, ante calquera dúbida relacionada co centro, a resolvan ben en persoa, ben telefonicamente. A ANPA "As Brañas" mantén comunicación fluída co centro. ao tempo que participa activamente nas reunións do Consello Escolar no que ten representación.

O persoal de administración e servizos participa na xestión do centro a través do Consello Escolar.

En canto aos colexios do contorno, podería cualificarse como especialmente fluídas as relacións cos centros adscritos. O Departamentos de orientación respectivos manteñen ao longo do curso reunións co obxecto de facilitar o tránsito dos estudantes de Primaria a Secundaria. Tamén teñen lugar, no mes de xuño, visitas aos mesmos por parte da dirección do IES e o/a Xefe/a do Departamento de Orientación nas que teñen lugar reunións cos pais co obxecto de expoñer brevemente o Proxecto Educativo do instituto e abrir un canle de comunicación entre os pais dos futuros estudantes e o noso centro.

e. Conflitividade detectada no centro, indicando o tipo e número de conflitos que se producen e os sectores implicados nestes.

No terceiro trimestre do curso 2023/24, a Consellería de Educación, Ciencia Universidade e Formación Profesional, pon a disposición do centro os resultados da Macroenquisa de convivencia aplicada no curso 2022/23. De seguido reflíctese un breve informe resumo:

	<i>ESO</i>	<i>BACHARELATO</i>	<i>PROFESORADO</i>	<i>FAMILIAS</i>	<i>PERSOAL NON DOCENTE</i>
% PARTICIPACIÓN	86%	28%	63%	7%	40%
<i>Coñecemento dos documentos de centro</i>			O 100% coñece o PEC, o Plan de Convivencia e as NOF. Preto do 94% coñece o equipo de mediación e a aula de convivencia inclusiva	O 48% coñece o PEC. O 52% coñece o equipo de mediación	Preto do 67% coñece o PEC. O 100% coñece o equipo de mediación e a aula de convivencia inclusiva
<i>Todo o mundo é benvido ao centro</i>	Moitas veces: 81% Bastantes veces: 15% Poucas veces: 3,40%	Moitas veces: 41,20% Bastantes veces: 39,20% Poucas veces: 9,80%	Moitas veces: 75,80% Bastantes veces: 21,20% Poucas veces: 3%	Moitas veces: 45% Bastantes veces: 47% Poucas veces: 8%	Bastantes veces: 100%
<i>Os/as estudantes apóianse mutuamente</i>	Moitas veces: 25% Bastantes veces: 55,7% Poucas veces: 3,4%	Moitas veces: 15,70% Bastantes veces: 35,30% Poucas veces: 39,20%	Moitas veces: 18,20% Bastantes veces: 54,50% Poucas veces: 27,30%	Moitas veces: 15% Bastantes veces: 57% Poucas veces: 26%	Moitas veces: 75% Bastantes veces: 25%
<i>O equipo educativo e os/as estudantes respéctanse mutuamente</i>	Moitas veces: 40% Bastantes veces: 41,90% Poucas veces: 15,40%	Moitas veces: 5,90% Bastantes veces: 39,20% Poucas veces: 39,20%	Bastantes veces: 12,10% Moitas veces: 78,80% Poucas veces: 9,10%	Moitas veces: 19% Bastantes veces: 55% Poucas veces: 25%	Poucas veces: 100%
<i>O equipo educativo vincula o que ocorre no centro coa vida dos/as estudantes no fogar</i>	Moitas veces: 25,90% Bastantes veces: 32% Poucas veces: 32,30%	Moitas veces: 11,80% Poucas veces: 31,40% Bastantes veces: 37,30%	Bastantes veces: 32,3% Poucas veces: 64,50% Moitas veces: 3,20%		Bastantes veces: 33% Poucas veces: 67%

<i>O centro escolar promove a convivencia e a resolución pacífica de conflitos</i>	Moitas veces: 60,40% Bastantes veces: 27,80% Poucas veces: 7,90%	Moitas veces: 13,70% Bastantes veces: 43,10% Poucas veces: 23,50%	Bastantes veces: 87,9% Moitas veces: 12,10% Poucas veces: 0% Nunca: 0%	Moitas veces: 27% Bastantes veces: 50% Poucas veces: 21%	Bastantes veces: 67% Poucas veces: 33%
<i>Nivel de satisfacción co centro</i>	O 73 % manifesta estar satisfeito con centro	O 68,63% manifesta estar satisfeito co centro.	Preto do 97% manifesta estar satisfeito co centro no que traballa.	O 91% está satisfeito co centro.	O 75% manifesta estar satisfeito co centro no que traballa. O 25% restante non responde.

f. Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade destas.

- Plan de acción titorial.
- Axuda entre iguais: Programa Alumnado Axudante e Mediador
- Aula de atención educativa e convivencia, en funcionamento dende o curso 2018/19.
- Actuacións no marco do Plan Director para a Convivencia e Mellora da Seguridade nos Centros Educativos e as súas Contornas. As súas funcións preventivas abarcan a toda a comunidade educativa.
- Programa YAM (Xuventude Consciente da Saúde Mental), SERGAS.
- Asesoramento do Equipo de Orientación Específico (EOE)
- Unidade de Acompañamento e Orientación Persoal e Familiar (UACO). A persoa responsable da UACO ten como obxectivo principal facer o seguimento individualizado do alumnado máis vulnerable educativamente e colaborar coas súas familias e a súa contorna, dentro do ámbito xeográfico que se determine. Actúan como canle de comunicación directa entre centros educativos, familias, administracións e outras entidades.
- Coordinación cos Servizos Sociais, Cruz Vermella, ...
- Contratación de asesoramento externo para a mellora da xestión da convivencia.

Todos os sectores da comunidade educativa dispoñen de información relativa ás normas de convivencia do centro a través das reunións no centro e páxina web.

Capítulo II. Obxectivos específicos do Plan de Convivencia derivados da análise previa

Os obxectivos específicos en materia de convivencia escolar para conseguir un bo clima de convivencia que posibilite a consecución do resto dos obxectivos educativos son os seguintes:

1. Actuar dende a prevención.

Intentamos anticiparnos aos problemas dende a nosa experiencia, porque temos a crenza de que moitas das actuacións dos estudantes contrarias ás normas, son repetitivas e propias da idade dos mesmos, e mediante a reacción rápida e planificada ante os sinais dun conflito potencial, e enfocándoo dende un contexto amplo, intentamos reducir as tensións que o poidan avivar e de resolver as causas de raíz.

Sabendo que un dos problemas máis comúns é o descoñecemento e integración das normas de convivencia, un dos obxectivos é fomentar o coñecemento do Plan de Convivencia e das NOF por parte do alumnado, tanto nas reunións de principio de curso, reguladas nas NOF, como a través dos titores e titoras na execución do Plan de acción tutorial (PAT). Incidir no coñecemento dos propios dereitos en materia de convivencia:

- a. Dereito á propia identidade.
- b. Dereito á integridade e dignidade persoal.
- c. Dereito a que se respecte a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais.

E no coñecemento das obrigas fundamentais:

- a. Obriga a respectar a identidade dos demais.
- b. Obriga a respectar a integridade e dignidade das outras persoas.
- c. Obriga a respectar a liberdade de conciencia e as conviccións relixiosas e morais.

Por parte do Departamento de Orientación, deseñando un proxecto de fomento de habilidades sociais e mediación de conflitos, impulsando o desenvolvemento de técnicas grupais de intervención a nivel de titoría, co fin de traballar estratexias para o fomento de habilidades sociais, desenvolvendo un proxecto de mediación de conflitos, e levar a cabo o proceso de formación de mediadores co fin de actuar con responsabilidade e obxectividade ante unha situación de conflito.

Por medio do Plan de Acción Tutorial, que desenvolve e prevé accións e situacións encamiñadas a promover a mediación de conflitos, aplicando a acción tutorial grupal e titorías individualizadas co alumnado, como medida preventiva ante a aparición de condutas disruptivas; realizando e impulsando actividades que permitan aos alumnos asumir a responsabilidade para xerar un clima de respecto, de tolerancia, de participación e de liberdade dentro e fóra da aula. Así mesmo, desenvolveranse intervencións entre o alumnado de forma que poidan ir

adquirindo progresivamente dende os niveis máis baixos, pautas elementais de convivencia e exercitarse na resolución pacífica dos conflitos; fomentando no alumnado actuacións encamiñadas ao desenvolvemento da capacidade de adecuar o seu comportamento ás necesidades e requisitos dos demais, a través da colaboración, respecto e tolerancia; evitando comportamentos de submisión ou de dominio, desenvolvendo o respecto aos diferentes, a comprensión e a aceptación das normas e das habilidades para a interacción e a comunicación. As estratexias e actividades encamiñadas á potenciación da autoestima, formarán parte da actuación diaria, fomentando a valoración das diferenzas e a negociación como o procedemento para chegar a acordos co fin de resolver conflitos de valores e intereses que forman parte da convivencia; identificando e apreciando os valores e as normas de convivencia e aprendendo a actuar de acordo a elas. A diversidade será unha forma enriquecedora da convivencia, mostrando respecto aos costumes e modos de vida que son diferentes ás propias e promover no alumnado a reflexión crítica das causas e as consecuencias das condutas, buscando a resolución a posibles conflitos.

2. **Xestionar con transparencia e obxectividade.**

Resúltanos indispensable para unha boa convivencia no centro transmitir á comunidade educativa a sensación de falta de partidismo na toma de decisións, comunicar os criterios e as razóns que xustifican as actuacións con rigor e transparencia e, sempre que estean explicitamente recollidos na normativa, coa indicación da referencia legal. Todo isto transmite á comunidade a sensación de que a xestión do centro é reflexiva e fundamentada e redonda nun clima de confianza e entendemento fundamental.

3. **Rapidez** na resolución dos conflitos.

Para nós é fundamental resolver os mesmos á maior brevidade posible. Independentemente de que a propia normativa educativa contemple prazos, nós no centro non soamente os cumprimos senón que intentamos minimalizalos p. ex.: independentemente de que as faltas leves prescriban ao mes, nós abordámolas tan pronto somos coñecedores das mesmas, e o seu tratamento na maioría dos casos ten lugar no mesmo día ou ao seguinte.

4. **Transmitir ao alumnado a sensación de proximidade, atención e apoio,** cos obxectivos de fomentar a súa seguridade no centro, de que aprendan a recorrer a instancias superiores cando o precisen, promover a súa independencia e en resumo potenciar a súa autoestima. A todos os estudantes se lles invita nas reunións de principio de curso a que acudan a estamentos superiores nesta orde: profesor/a, titor/a, xefe/a de estudos ou xefe/a do Departamento de Orientación ou director/a, no caso de que precisen resolver calquera dúbida ou conflito antes de que este revista maior gravidade. Cando reclaman atención, son atendidos á maior brevidade posible, e se pode ser, no acto.

5. **Promover a implicación de todas as familias,** buscando vías de participación das mesmas na vida do centro, co procedemento de

integración progresiva en asuntos e temáticas da súa competencia, incidindo na necesidade de que as familias asuman con responsabilidade as funcións que lles corresponde no centro axudando a fomentar actitudes de respecto abertas a todos os membros da comunidade educativa, e ás propias normas do centro, creando nelas a conciencia da importancia que teñen na cointervención activa e continuada na educación dos seus fillos, e incidindo na necesidade e facilidade para recorrer ao Centro educativo sempre que sexa necesario resolver calquera situación que o requiran ou estimen conveniente.

Fomentar o coñecemento das normas do centro sobre todo o referente ao Plan de Convivencia e ás NOF, así como a fundamentación das mesmas, incidindo nas responsabilidades de cada membro da comunidade educativa nas mesmas e as medidas a adoptar no caso de incumprimento das normas.

6. **Impulsar as relacións fluídas e respectuosas entre os membros da comunidade educativa**, realizando as reunións coas familias que todos os cursos teñen lugar en setembro coa dirección, en outubro cos titores/as e sempre que se precise con calquera docente, co obxecto de dotar de transparencia e proximidade tanto ás actividades desenvolvidas no centro como ás persoas que realizan o seu traballo nel.

Informar dos procedementos legais para recibir todo tipo de explicacións acerca do rendemento académico e da integración socioeducativa dos seus fillos.

Continuar coa planificación da hora semanal de atención a país e nais de todo o profesorado do centro, co fin de contribuír á mellora do rendemento escolar do alumnado.

7. **Fomentar valores como:**

- a. **A responsabilidade dos propios actos**, sobre todo os relacionados coa convivencia, sen excusas nin xustificacións dende unha perspectiva de liberdade e autonomía na execución dos mesmos.
- b. **O respecto á diversidade e, por conseguinte, fomentar a solidariedade, a tolerancia, a igualdade e a xustiza** respecto aos propios compañeiros e ao resto dos membros da comunidade educativa, partindo da base de que non todos somos iguais nas nosas funcións, pero todos temos dereito ao mesmo trato e non discriminación. Promoveranse iniciativas encamiñadas á superación de calquera tipo de dificultade, potenciando a axuda entre os estudantes a través do Plan de Acción Titorial, do Plan de Atención á Diversidade e do currículo oculto de calquera área, que contribúan á integración e á formación integral da persoa, como membro dunha colectividade, co obxectivo de mellorar a convivencia.
- c. **A convivencia pacífica** para avanzar na formación dunha cidadanía democrática e que lles permita resolver outros conflitos noutros

8. **Seguir investigando** no desenvolvemento de estratexias de cara á prevención e resolución de conflitos.

Capítulo III. Descripción e concreción das actuacións, das medidas ou dos programas que se van desenvolver para favorecer a convivencia, incluíndo medidas preventivas e de sensibilización e actuacións organizativas, curriculares e de coordinación

Concrétase responsables, persoas destinatarias e procedementos que se van a seguir para o seu desenvolvemento.

Actuacións organizativas	
<u>Organización do centro</u>	
	Responsables
Recollida de datos nas sesións de avaliación, reunións con centros adscritos e solicitude de matrícula para a definición de criterios para a composición dos grupos de alumnado por nivel.	Equipos docentes. Departamentos de orientación. Equipo directivo.
Localizacións dos grupos na instalación. Responde a un criterio de proximidade. Os niveis inferiores están situados preto da saída do centro, dos despachos do equipo directivo e da sala de profesorado.	Equipo directivo.
Asignación de profesorado por grupos con perfís distintos. Elaboración de horarios con criterios obxectivos e transparentes (informados no claustro de profesorado). Durante a elaboración dos horarios, estudo das solicitudes de preferencias persoais, solicitadas ao persoal docente con carácter previo, co obxecto de que, no caso de que sexan compatibles cos criterios pedagóxicos e organizativos, consideralos na procura da conciliación da vida laboral e persoal.	Claustro de profesorado Equipo directivo
Actualización da comisión de convivencia. Reunións periódicas.	Equipo directivo.
Habilitación e organización aula de convivencia. O profesorado que non complete horario poderá ser asignado á aula de atención educativa e convivencia.	Equipo directivo.
Habilitación espazo para o diálogo. Recursos para a axuda entre iguais.	Equipo directivo.
<u>Organización da aula</u>	
	Responsables
Disposición do equipamento da aula en función do número de alumnos e alumnas.	Equipo directivo.

Disposición do alumnado que compón o grupo aula atendendo ás súas características.	Profesorado titor. Equipo docente. Departamento de orientación.
Normas de uso da aula como espazo común e como espazo de uso compartido (desdobres, materias optativas).	Profesorado titor. Equipo docente. Equipo directivo.

Actuacións curriculares

Programación e desenvolvemento do currículo

	Responsables
Redacción e desenvolvemento das programacións didácticas no marco da Concreción curricular de centro.	Coordinación Pedagóxica. Claustro de profesorado. Equipo directivo.
Reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.	Comisión de Coordinación Pedagóxica.
Publicidade das programacións didácticas na páxina web do centro e aulas virtuais. Publicidade da concreción curricular na páxina web do centro.	Equipo directivo.

Estratexias metodolóxicas

	Responsables
Exposición da metodoloxía a empregar respectando os criterios de carácter xeral contemplados na Concreción curricular de centro.	Claustro de profesorado.
Reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.	Comisión de Coordinación Pedagóxica.
Publicidade das programacións didácticas na páxina web do centro e aulas virtuais. Publicidade da concreción curricular na páxina web do centro.	Equipo directivo.

Avaliación do progreso do alumnado e da práctica docente

	Responsables
Informada nas programacións dos departamentos didácticos respectando os criterios xerais contemplados na concreción curricular.	Claustro de Profesorado.
Reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.	Comisión de Coordinación Pedagóxica.
Publicidade das programacións didácticas na páxina web do centro e aulas virtuais. Publicidade da concreción curricular na páxina web do centro.	Equipo directivo.

<u>Actividades complementarias e extraescolares</u>	
	Responsables
Detalle nas programacións didácticas redactadas conforme aos criterios reflectidos na concreción curricular do centro.	Claustro de profesorado.
Planificación de celebracións de centro que contribúan á reforzar as relacións entre a comunidade educativa.	Claustro de profesorado. Persoal non docente.
Reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.	Comisión de Coordinación Pedagóxica.
Publicidade das programacións didácticas na páxina web do centro e aulas virtuais. Publicidade da concreción curricular na páxina web do centro.	Equipo directivo.
Actuacións de coordinación	
<u>Coordinación das actuacións docentes</u>	
	Responsables
Xornadas formación de profesorado no centro educativo. Celébranse na semana de setembro previo ao inicio da actividade lectiva e versan sobre cuestións fundamentais para o bo funcionamento do centro: aulas virtuais e/ou E-Dixgal, convivencia, atención á diversidade, tutoría, Educación Secundaria de Adultos ... Os contidos están dispoñibles na aula virtual na categoría Centro	Equipo directivo Departamento de orientación. Coordinador E-Dixgal. Coordinadora de benestar.
Reunións centros adscritos de primaria que se celebran ao final do mes de xuño co fin de planificar a organización de grupos para o seguinte curso. Participan departamentos de orientación, profesorado titor de 6º e xefatura de estudos do IES.	Equipo directivo. Departamento de orientación
Reunións equipos docentes cando as circunstancias do alumnado así o requiren. Realízanse previa convocatoria, coordinadas por dirección, participa o equipo docente do alumnado e o departamento de orientación asesora as estratexias a desenvolve en cada caso concreto.	Equipo directivo. Equipos docentes. Departamento de orientación.
Reunións semanais co profesorado titor por nivel de seguimento e dinamización das tutorías da ESO. Na elaboración de horarios prevese unha sesión de reunión semanal do profesorado titor da ESO por nivel co departamento de orientación e xefatura de estudos.	Profesorado titor. Departamento de orientación. Xefatura de estudos.
Reunión semanal de dinamización da convivencia Na elaboración de horarios prevese unha sesión de reunión semanal na que participa o departamento de orientación, a coordinadora de benestar, xefatura de estudos e dirección.	Departamento de orientación. Coordinadora de benestar. Xefatura de estudos. Dirección.

Actuacións dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa

Formación para a mellora da convivencia escolar e resolución pacífica de conflitos

	Responsables
Formación profesorado. Solicitude e desenvolvemento dos Plans de Formación Permanente de Profesorado. Liña: Competencia en educación inclusiva e coeducación	Equipo directivo Departamento de orientación. Coordinadora de benestar.
Formación alumnado que participa na axuda entre iguais a cargo da coordinadora de benestar	Equipo directivo Departamento de orientación. Coordinadora de benestar.
Solicitude e desenvolvemento de contratos programa para formación de profesorado e/ou alumnado.	Equipo directivo. Departamento de orientación. Coordinadora de benestar.

Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia

Difusión de normas

	Responsables
Publicidade dos documentos de centro, en concreto, NOF e Plan de convivencia	Equipo directivo.

Accións de sensibilización

	Responsables
Xornadas de presentación a familias de alumnado de 1º ESO. Celébranse nos días previos ao inicio da actividade lectiva co fin de dar a coñecer o proxecto de centro e facilitar o tránsito de primaria a secundaria.	Equipo directivo. Departamento de orientación.

Protocolos de detección temperá

Medidas que se poden aplicar no centro para previr, detectar, mediar e resolver os conflitos

Compromisos de convivencia

Equipos de convivencia	
------------------------	--

Actuacións preventivas

	Responsables
Accións formativas profesorado e alumnado.	Equipo directivo.
Xestión das comunicacións coas familias. Comunicación fluída e asertiva, información relativa aos recursos dispoñibles: EOE, UACO, asociacións ... e posta en contacto.	Equipo directivo. Coordinadora de benestar. Departamento de orientación.

Conciliación

Formación equipos humanos.	Equipo directivo. Coordinadora de benestar. Departamento de orientación
Procura de recursos. Materiais, entidades colaborativas.	Equipo directivo. Coordinadora de benestar. Departamento de orientación

Mediación

Formación equipo humano, profesorado e alumnado que participa como axudante e mediador	Equipo directivo. Coordinadora de benestar. Departamento de orientación
Procura de recursos. Materiais, entidades colaborativas.	Equipo directivo. Coordinadora de benestar. Departamento de orientación

Medidas ou programas específicos para promover a convivencia no centro

	Responsables
Plan de Acción Titorial. Programación e planificación de actividades por parte do departamento de orientación.	Departamento de orientación. Equipo directivo.
Plan de Atención á Diversidade.	Departamento de orientación. Equipo directivo.
Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nos seus contornos.	Departamento de orientación.

	Equipo directivo.
Axuda entre iguais: alumnado axudante e alumnado mediador.	
Navega con Rumbo.	
Contratos Programa.	Departamento de orientación. Equipo directivo.
Plan de Formación Permanente do Profesorado.	
Colaboración con axentes externos.	

Capítulo IV. Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, de conformidade co establecido no artigo 30.2 da Lei 4/2011, do 30 de xuño

Ante unha posible situación de acoso escolar desenvólvese o Plan Integral contra o acoso e ciberacoso escolar da Consellería.

The image shows a presentation slide with two main sections. The left section is titled "Plan Integral contra o acoso e ciberacoso escolar" and includes a blue "Escotar" button with a speaker icon, a date "Mar, 09/01/2024 - 10:50", and the "CONVIVENCIA" logo. Below the logo, it says "Xúntase o Plan Integral contra o acoso e ciberacoso escolar." and provides a link for "Máis información." and a document icon for "Plan Integral contra o acoso e ciberacoso escolar". The right section features the "XUNTA DE GALICIA" logo and the title "PROTOCOLO EDUCATIVO PARA A PREVENCIÓN, A DETECCIÓN E O TRATAMENTO DO ACOSO E DO CIBERACOSO ESCOLAR". Below the title is an illustration of a student in a blue sweater surrounded by hands pointing towards them, with various icons representing different aspects of the protocol.

Capítulo V. Normas de convivencia do centro, coa concreción dos dereitos e dos deberes dos diferentes membros da comunidade educativa, así como un protocolo que contribúa á detección ou ao incumprimento destas.

a. Dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa

Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

Artigo 6. Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores.

1. As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.

b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.

c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.

d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes deberes:

a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.

b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.

c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.

d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

Artigo 7. Dereitos e deberes do alumnado.

1. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.

b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.

c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.

d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

2. Son deberes básicos de convivencia do alumnado

a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.

b) Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.

c) Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

d) Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.

e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.

f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.

g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.

h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

Artigo 8. Dereitos e deberes do profesorado.

1. Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.

d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.

e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.

f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

2. Son deberes do profesorado:

a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.

c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.

e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

Artigo 9. Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos.

1. Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.

d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.

e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

2. Son deberes do persoal de administración e de servizos:

a) *Respectar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.*

b) *Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.*

c) *Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.*

d) *Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.*

b. Normas de convivencia

Todos os membros da comunidade educativa, sen ter en conta as particularidades propias das súas funcións, deberán:

- o Acudir ao centro diariamente. En caso de imposibilidade de asistencia deberán solicitar a xustificación da ausencia segundo o procedemento recollido na normativa que o regula e nas normas de organización e funcionamento do centro.

En aplicación da Aclaración da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa sobre a xustificación das faltas de asistencia do alumnado por motivo de asistir a consulta médica, enfermidades ou indisposicións

- 1. As nais, os pais e as persoas titoras ou gardadoras legais son as persoas responsables de comunicar previamente, sempre que sexa posible, a ausencia a clase da alumna/o. En calquera caso, as faltas de asistencia débense xustificar perante o profesorado titor de xeito documental e nun prazo máximo de dous días lectivos desde que se produza a reincorporación ao centro.*
- 2. Os centros educativos prestarán especial atención a aquelas ausencias que teñan lugar e que non foran comunicadas previamente, co obxectivo de evitar que se dean casos en que a alumna/o quede sen supervisión de persoas responsables. Cada centro establecerá nas súas normas de organización, funcionamento e convivencia (NOFC) como efectuarán estas comunicacións inmediatas.*
- 3. Tanto a comunicación das ausencias como a xustificación das faltas pode realizarse a través de medios físicos ou dixitais -Abalar móbil ou outros medios-.*
- 4. Xustificaranse as faltas de asistencia tendo en conta o recollido na seguinte táboa:*

Causa	Xustificación
<i>Asistencia a consultas médicas, enfermidades e/ou indisposicións leves da alumna/o</i>	<i>Xustificante escrito e asinado pola nai, o pai ou a persoa titora ou gardadora legal. Non é necesario achegar xustificante médico. No caso de que o centro considere que a falta de asistencia por este motivo no está suficientemente xustificada por se producir de forma recorrente e continuada no tempo, excedendo dos 4 días ao mes, o centro poderá solicitar unha xustificación complementaria ás nais, aos pais ou ás persoas titoras ou gardadoras legais.</i>
<i>Enfermidades ou doenzas crónicas do alumno/a que impliquen faltas de asistencia de forma periódica.</i>	<i>Informe médico que terá validez como máximo por un curso académico.</i>

<i>Accidente, enfermidade grave ou falecemento de familiares de ata segundo grao: máximo 4 días por suceso.</i>	<i>Xustificante escrito e asinado polas persoas titoras ou gardadoras legais.</i>
---	---

- Asistir puntualmente ás actividades lectivas, complementarias e extraescolares.
- Participar activamente no desenvolvemento de calquera actividade organizada no centro docente independentemente do organismo responsable da mesma.
- Acudir con roupa adecuada, que non permita entrever ou visualizar directamente o que se denomina "roupa interior", ou con pantalóns similares a bañadores de praia. Manterase a cabeza descuberta durante toda a xornada, agás circunstancias debidamente xustificadas.
- Portar o material para o desenvolvemento do seu traballo.
- Portar os traballos ou deberes encomendados para o día.
- Non se poderá interromper o desenvolvemento da clase se non é por causa debidamente xustificada, p. ex.: recollida dun estudante por consulta médica...
- Durante os períodos de descanso (10:25 h. – 10:40 h. e 12:20 h. – 12:40 h.), todo o alumnado deberá permanecer na planta baixa.
- O alumnado non poderá acceder ao equipamento da aula, salvo autorización expresa dun docente.
- Non se poden utilizar as saídas de emerxencia dedicadas unicamente a este uso e que están debidamente sinalizadas.
- O alumnado deberá seguir fielmente as indicacións do profesorado e do persoal de administración e servizos, non podendo desafiar de ningún xeito a súa autoridade nin individualmente nin de forma colectiva. No caso de que o/a estudante baralle a posibilidade de que o docente incorra nun abuso de autoridade, deberá poñelo en coñecemento de xeito inmediato ao/á, titor/a, xefe/a de estudos ou director/a.
- O alumnado poderá facer uso dos aseos correspondentes ao seu sexo e baixo ningunha circunstancia poderán acceder aos do sexo contrario.
- Baixo ningún concepto se poderá agredir nin fisicamente nin verbalmente a ningún membro da comunidade educativa nin proferir inxurias nin ofensas.
- Está totalmente prohibido ameazar ou coaccionar a ninguén.
- Ninguén pode ser obxecto de discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- As instalacións do centro merecen especial coidado. Non se poden danar de forma intencionada nin por neglixencia as mesmas. En caso de que se

produza algún desperfecto, este deberá ser comunicado inmediatamente a algún membro do Equipo Directivo.

- Os bens dos demais membros da comunidade educativa merecen especial coidado. Non se poden danar de forma intencionada nin por negligencia os mesmos. En caso de que se produza algún dano, este deberá ser comunicado inmediatamente a algún membro do Equipo Directivo.
- Ninguén se pode apropiarse de ningún ben do centro nin dos demais membros da comunidade educativa.
- Quedan totalmente prohibidas as actuacións prexudiciais para a saúde ou para a integridade persoal ou a incitación ás mesmas como fumar dentro do recinto escolar e, segundo a normativa vixente, nos accesos inmediatos. Corresponde ás autoridades competentes alleas ao centro supervisar o cumprimento desta norma nos accesos inmediatos ao centro.
- Está totalmente prohibido o consumo de bebidas alcohólicas no centro.
- Tal e como establece a *Orde de 4 de xaneiro de 2024 da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades sobre o uso dos teléfonos móbiles e dispositivos electrónicos nos centros educativos*

Queda prohibido o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación establecida durante os períodos lectivos debe estenderse tamén, con carácter xeral, á totalidade da xornada escolar, incorporando os períodos non lectivos. En consecuencia, non se permitirá durante a xornada escolar o emprego libre destes dispositivos.

Considéranse como períodos non lectivos os seguintes: as entradas e saídas, o tempo de recreo, de comedor escolar e os períodos dedicados ao desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares.

Os centros poderán establecer excepcionalmente normas para a correcta utilización dos dispositivos indicados como ferramenta pedagóxica, supervisada polo profesorado.

Exceptuarase desta restrición o emprego proporcionado e razoable dos dispositivos por cuestións de oportunidade ou necesidade, médicas ou de outra índole, sempre e cando o motivo estea xustificado da maneira que se considere en cada caso atendidas as circunstancias, e así sexa autorizado pola dirección do centro, ou, de non ser isto posible, polo profesorado. Está totalmente prohibida a gravación, manipulación ou difusión de imaxes dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento dalgunha actividade complementaria ou extraescolar fóra do mesmo sen a autorización expresa das persoas protagonistas das mesmas ou dos seus representantes legais en caso de que sexan menores de idade.

O móbil e outros dispositivos electrónicos deberán estar gardados.

- Está totalmente prohibida a difusión de informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, e a intimidade persoal e familiar.
- Serán especialmente perseguidas as actuacións relacionadas con un posible acoso escolar.

- Está prohibida a falsificación, alteración ou apropiación de documentos académicos, incluídas as probas escritas. Inclúese neste apartado a falsificación da sinatura dun pai, nai ou representante legal en boletíns de cualificacións, solicitudes de xustificación de faltas de asistencia, e autorizacións de calquera tipo como asistencia a una actividade complementaria ou extraescolar...
- Está prohibida a suplantación da personalidade.
- O alumnado deberá facerlle entrega inmediata ao profesorado de calquera obxecto prexudicial para a saúde, e para a integridade persoal ou que sexa obxecto de incumprimento dunha norma do centro como tabaco, bebidas alcohólicas, teléfono móbil, ou outros que o docente perciba que poden incluírse nesta tipoloxía.

Así a Lei 4/2011, no artigo 11.3 establece:

O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta for menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se for maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

A retirada e depósito do teléfono móbil terá carácter excepcional.

Procedemento para o depósito:

- ONDE: Na secretaría do centro.
- COMO: Apagado polo propio alumnado.
- DEPÓSITO: en sobre pechado no que o/a alumno/a fará constar nome completo e apelidos, data e hora do depósito.

Recuperación:

- QUEN:
- No caso de alumnado maior de idade: polo propio/a alumno/a ao remate da xornada lectiva ou da actividade complementaria e/ou extraescolar.
- No caso de alumnado menor de idade: polos proxenitores/representantes legais, ao remate da xornada lectiva ou da actividade complementaria e/ou extraescolar.
- PROCEDIMENTO:
- Cubrir e asinar o documento de recollida.

- Ninguén pode acceder aos obxectos persoais dos demais membros da comunidade educativa.

- Non se poden abandonar as instalacións do centro durante a xornada, agás xustificación e autorización expresa. Non se poderán abandonar as actividades complementarias e extraescolares, sen xustificación e autorización expresa.
- No caso de imposición dunha medida correctora, esta deberase cumprir de forma inmediata.
- Non está permitido comer nas aulas. Só está permitido beber auga.

Capítulo VII. Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento que, de ser o caso, se aplicarán, de conformidade co establecido no Decreto en desenvolvemento da Lei 4/2011 e demais normativa que sexa de aplicación.

a. Condutas contrarias á convivencia. Principios xerais e tipificación.

Artigo 32. Decreto 8/2015. Principios xerais

- 1. Os centros docentes porán especial énfase na prevención das condutas contrarias á convivencia mediante o desenvolvemento das actuacións e medidas incluídas no seu plan de convivencia e no seu protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.*
- 2. Os procesos de corrección das condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar forman parte do seu proceso educativo, polo que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia deben reunir os seguintes requisitos:*
 - a) Ter carácter educativo e recuperador.*
 - b) Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente.*
 - c) Contribuír a que a alumna ou o alumno corruxida/o asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e se integre no centro educativo.*
 - d) Ser proporcionais á gravidade da conduta corruxida.*
- 3. O diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes para a resolución de conflitos no ámbito escolar.*
- 4. Nos casos en que fose necesario, realizarase a oportuna asistencia e orientación psicopedagóxica ás vítimas e ás persoas agresoras.*
- 5. Garantiráselle ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, e deberá primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra*

consideración no tratamento destas situacións. Esta protección garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso.

- 6. O incumprimento das normas de convivencia será valorado antes da imposición da corrección tendo presente a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixido*
- 7. Ningunha alumna ou alumno poderá ser privada/o do exercicio do seu dereito á educación nin, para o caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade.*
- 8. Non poderán imporse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.*
- 9. Para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste deberán ter puntual información sobre as correccións de condutas que lles afecten, nos termos previstos neste decreto e nas normas de organización e funcionamento do centro educativo en que estean escolarizado.*

Artigo 33. Decreto 8/2015. As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse como:

- a) Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.*
- b) Condutas leves contrarias á convivencia.*

Artigo 34. Decreto 8/2015. Para a gradación das medidas correctoras tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.*
- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.*
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.*
- d) A natureza dos prexuízos causados.*
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.*

Artigo 35. Decreto 8/2015. Reparación de danos causados

- 1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou*

as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

2. Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, de berá repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que imponha a corrección da conduta.
3. O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecidos nos dous parágrafos anteriores é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

Artigo 36. Decreto 8/2015. Ámbito de corrección

1. Deben corrixirse as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do citado recinto, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.
2. Así mesmo, poderán corrixirse as condutas do alumnado producidas fóra do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten outros membros da comunidade educativa.

Condutas contrarias á convivencia: tipificación	
Condutas leves contrarias á convivencia ¹	Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia. ²
a. Agresión, inxuria ou ofensa contra os demais membros da comunidade educativa.	a. Agresións físicas ou psíquicas, inxurias ou as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
b. Actos de discriminación contra membros da comunidade educativa.	b. Actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais, ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
c. Actos de indisciplina ao profesorado e persoal de administración e servizos.	c. Actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e servizos que constitúan unha indisciplina grave.
d. Danos causados de forma intencionada ou por negligencia ás instalacións e materiais de centros docentes ou aos bens doutros membros da comunidade educativa.	d. Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos, e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a subtracción.
e. Actos inxustificados que perturben o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.	e. Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

¹ Artigo 38. Decreto 8/2015. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

² Artigo 42. Decreto 8/2015. Condutas leves contrarias á convivencia

f. Actuacións prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou incitación a elas.	f. As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou incitación a elas.
g. Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas NOF perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.	g. Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto 3º do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido polo profesorado ³ .
h. Falta de asistencia inxustificada á clase e faltas reiteradas de puntualidade.	
i. Reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.	
	h. A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou información que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
	i. As actuacións que constitúan acoso escolar.
	j. A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
	k. A reiteración nun mesmo curso escolar de condutas leves contrarias á convivencia.
	l. O incumprimento das sancións impostas.

Terán a consideración de faltas de asistencia inxustificadas:

- As non xestionadas ante o profesorado titor.
- As xestionadas ante o profesorado titor pero que esixen documentación complementaria por se producir de forma recorrente e continuada no tempo.

No caso de ser xestionadas e/ou aportada a documentación complementaria esixida polo centro serán susceptibles de ser consideradas xustificadas.

³ O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a

b. Medidas correctoras.

<i>Conductas leves contrarias á convivencia. Artigo 43, Decreto 8/2015.</i>	<i>Conductas gravemente prexudiciais para a convivencia. Artigo 39, 40 Decreto 8/2015.</i>
a. <i>Amoestación privada ou por escrito.</i>	a. <i>Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.</i>
b. <i>Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.</i>	b. <i>Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.</i>
c. <i>Realización de traballos específicos en horario lectivo.</i>	c. <i>Cambio de grupo.</i>
d. <i>Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.</i>	d. <i>Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</i>
e. <i>Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.</i>	e. <i>Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</i>
f. <i>Cambio de grupo por un período de ata unha semana.</i>	f. <i>Cambio de centro. Artigo 40. Decreto 8/2015. A proposta de cambio de centro</i> <ol style="list-style-type: none"> 1. <i>A medida correctora de cambio de centro terá carácter excepcional.</i> 2. <i>Esta medida correctora non poderá proporse ao alumnado que curse a ensinanza obrigatoria cando na localidade onde se sitúa o seu centro ou na súa localidade de residencia non exista outro centro docente que imparta as ensinanzas que curse.</i> 3. <i>A proposta de cambio de centro poderá supor o cambio de réxime, de modalidade ou de materia.</i> 4. <i>Cando a persoa instrutora dun procedemento corrector propoña á persoa responsable da dirección do centro a imposición a unha alumna ou a un alumno da medida correctora de cambio de centro, a dirección deberá comprobar que se cumpren os requisitos establecidos nos puntos precedentes deste artigo e, logo da comprobación de tales circunstancias, comunicará inmediatamente a proposta á xefatura territorial correspondente, con achega do expediente do dito procedemento corrector.</i> 5. <i>A xefa ou o xefe territorial correspondente, logo de analizar o caso e tendo en conta o informe da Inspección Educativa, autorizará, de ser o caso, mediante resolución, a aplicación da medida correctora de cambio de centro. No caso de non ser autorizada a proposta, a dirección do centro deberá modificala e aplicar outra medida correctora.</i>
g. <i>Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de</i>	

<i>realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</i>	
<i>h. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</i>	
	<i>Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do punto primeiro deste artigo.</i>

<i>Medida correctora de condutas leves</i>	<i>Responsables da aplicación Artigo 44, Decreto 8/2015</i>			
	<i>Profesor/a</i>	<i>Titor/a</i>	<i>Xefatura estudos</i>	<i>Dirección</i>
<i>a) Amoestación privada ou por escrito</i>				
<i>b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos</i>				
<i>c) Realización de traballos específicos en horario lectivo</i>				
<i>d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro</i>				
<i>e) Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias ou extraescolares por un período de ata dúas semanas</i>				
<i>f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana</i>				
<i>g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</i>				
<i>h) Suspensión do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</i>				

En todo caso será oído o/a alumno/a e darase conta á xefatura de estudos.


No caso das medidas previstas nos apartados g) e h) será oído o profesorado titor e a imposición comunicárase aos representantes legais do alumnado antes de que se fagan efectivas e á comisión de convivencia do centro.

Artigo 45. Decreto 8/2015. Solicitud de revisión e execución de medidas



1. As alumnas ou os alumnos ás/aos cales se lles apliquen as medidas correctoras dunha conduta contraria ás normas de convivencia recollidas nas alíneas g) e h) do artigo 43 deste decreto ou, de ser o caso, se fosen menores non emancipados ou emancipados, as persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es poderán mostrar o seu desacordo coa súa aplicación, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección do centro que, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.
2. A resolución que imponha algunha das medidas correctoras a que se refire o número 1 deste artigo, así como as restantes recollidas no artigo 43 deste decreto, pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva.

c. Procedemento para a imposición de medidas correctoras.

Na convivencia do centro hai que diferenciar entre incidencias e condutas contrarias á convivencia.



O profesorado que comunica a incidencia deberá informar ao profesorado titor e xefatura de estudos.



O profesorado informará ás familias e rexistrará en XADE a medida correctora conforme ao seguinte modelo:

Data: Indicar

Profesor: Seleccionar

Tipo de conduta: Contraria á convivencia

Medida correctora tomada: Seleccionar

Amoestación privada ou por escrito	Competente para a aplicación profesorado e titor (oído o alumno ou alumna e dando conta a xefatura de estudos)
Comparecencia inmediata ante xefatura de estudos	Competente para a aplicación profesorado e titor (oído o alumno ou alumna e dando conta a xefatura de estudos)
Realización de traballos específicos en horario lectivo	Competente para a aplicación profesorado e titor (oído o alumno ou alumna e dando conta a xefatura de estudos)
Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.	Competente para a aplicación só o titor (oído o alumno ou alumna e dando conta a xefatura de estudos)

A medida consiste en: Encher cando sexa necesario. Só nos seguintes casos

- Realización de traballos específicos en horario lectivo. **Cómpre detallar tarefas e datas.**
- Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro. **Cómpre detallar tarefas e datas.**

Aplica a medida: Seleccionar

- Profesor
- Titor

Observacións:

O día ... de ... de 20... ás ... h, durante a clase de ..., (*breve descripción dos feitos*), acción considerada como conduta leve contraria á convivencia segundo o artigo 42 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

(Escoller a que proceda e eliminar as outras)

- a. Agresión, inxuria ou ofensa contra os demais membros da comunidade educativa.
- a. Actos de discriminación contra membros da comunidade educativa.
- a. Actos de indisciplina ao profesorado e persoal de administración e servizos.
- a. Danos causados de forma intencionada ou por negligencia ás instalacións e materiais de centros docentes ou aos bens doutros membros da comunidade educativa.
- a. Actos inxustificados que perturben o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- a. Actuacións prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou incitación a elas.
- b. Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas NOF perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.
- c. Falta de asistencia inxustificada á clase e faltas reiteradas de puntualidade.
- d. Reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.

Determinase a medida correctora, tendo en consideración, conforme ao artigo 34 do Decreto 8/2015, os seguintes criterios (**escoller o que procede e eliminar o resto**):

- a. O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
- b. A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c. A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- d. A natureza dos prexuízos causados.
- e. O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

A conduta leve contraria á convivencia tipificada poderá ser considerada a efectos de determinación de reiteración de acordo co establecido no artigo 38 k) do Decreto 8/2015, dentro do presente curso escolar.


Manter a lenda de XADE eliminando a referencia "ou equivalente en CPR concertado".

MOI IMPORTANTE: Identificación do/a profesor/a que aplica a medida.

No caso de que o profesorado valore que procede aplicar unha medida correctora para a que non ten competencia, segundo o establecido no artigo 44 do Decreto 8/2015, informará a dirección co fin de que complete a tramitación.

Dirección xunto con orientación e a coordinadora de benestar valorará a conduta e decidirá a medida a aplicar tendo en conta os principios xerais establecidos no artigo 32 do Decreto 8/2015 e os criterios establecidos no artigo 34 do citado decreto para a gradación de medidas correctoras, así como as circunstancias persoais do alumno ou alumna e curso no que se atopa.

A imposición destas medidas correctoras comunicarase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.



No caso de condutas contrarias á convivencia susceptibles de ser tipificadas como graves, o profesorado ou calquera outro membro da comunidade educativa informará á dirección, quen poderá acordar, de ser preciso, a apertura dun período de información previa, co fin de coñecer con máis exactitude as circunstancias concretas en que se produciu a conduta que se vai a corrixir e a oportunidade ou non de aplicar o procedemento conciliado.

A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común.

No caso de comunicación de conduta grave a constatación dos feitos constitutivos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia deberá formalizarse por escrito (Contido mínimo regulado no artigo 37 do Decreto 8/2015 (Educonvives)).

A incoación do procedemento prodúcese por:

- Acordo da dirección do centro.
- Petición motivada do profesorado ou titor/a do/a alumno/a ou de xefatura de estudos.
- Denuncia doutros membros da comunidade educativa.

Corresponde á dirección do centro, tras a recollida da información necesaria, decidir o procedemento que se vai seguir en cada caso para a corrección da conduta do/ alumno/a.

Independentemente do procedemento de corrección que se vaia utilizar, a dirección do centro educativo designará unha persoa docente para que actúe como instrutora do procedemento corrector.

Tal e como establece o Artigo 48 do Decreto 8/2015

"A dirección do centro educativo deberá encomendar a instrución dos procedementos correctores ao profesorado que teña un bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa e, a ser posible, que teña experiencia ou formación en convivencia escolar, mediación e resolución de conflitos no ámbito escolar. En todo caso, corresponderá aos centros educativos concretar nas normas de organización e funcionamento do centro os criterios polos que se realizará a dita designación"

Artigo 46 Decreto 8/2015. Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro

- 1. A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común.*
- 2. Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características concretas da conduta que se vaia corrixir, das circunstancias en que se produza e da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.*
- 3. Correspóndelle á dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información.*
- 4. A dirección do centro informará o profesorado titor/a da alumna ou alumno corrixida/o e ao consello escolar das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que fosen corrixidas.*
- 5. No centro docente quedará constancia da corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia coa finalidade de apreciar a reincidencia de condutas, de ser o caso.*

Artigo 47 Decreto 8/2015. Determinación do procedemento de corrección

- 1. A dirección do centro, unha vez teña coñecemento dos feitos ou condutas que vaian ser corrixidos, se o considera necesario, poderá acordar a apertura dun período de información previa, co fin de coñecer con máis exactitude as circunstancias concretas en que se produciu a conduta que se vai corrixir e a oportunidade ou non de aplicar o procedemento conciliado. Esta información previa deberá estar realizada no prazo máximo de dous días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos.*
- 2. A dirección do centro, asesorado, de ser o caso, pola persoa que exerza a xefatura do departamento de orientación e polo profesorado titor/a da alumna ou do alumno a que se vai corrixir, analizará e valorará a conduta*

producida tendo en conta como se produciu, a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais da/o alumna/o e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.

- 3. Ao iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, a dirección, á vista das repercusións que a conduta da alumna ou do alumno puidese ter na convivencia escolar, poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes. As medidas provisionais poderán consistir no cambio temporal de grupo ou na suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, actividades ou ao centro por un período que non será superior a tres días lectivos.*
- 4. Á vista das conclusións obtidas na valoración, a dirección do centro determinará o procedemento de corrección máis adecuado para cada caso, tendo presente que, sempre que concorran as circunstancias necesarias, se propiciará a corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia mediante o procedemento conciliado. Así mesmo, sempre que sexa posible, deberá intentarse a conciliación entre a alumna ou o alumno e os outros membros da comunidade educativa cuxos dereitos fosen lesionados, e a reparación voluntaria dos danos materiais ou morais producidos.*

Artigo 48 Decreto 8/2015. Inicio do procedemento de corrección

- 1. No prazo de tres días lectivos, contados desde que se tivo coñecemento da conduta merecedora de corrección, a dirección do centro notificaralle esta por escrito á alumna ou ao alumno ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e se cumpren os requisitos exixidos para iso daralles a posibilidade de corrixila mediante o procedemento conciliado, informándoos das súas peculiaridades e das obrigas que comporta. Noutro caso, notificaráselles a utilización do procedemento común para a súa corrección.*
- 2. Nos casos en que se lles ofrecese á alumna ou ao alumno ou ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e a posibilidade de corrección da conduta mediante o procedemento conciliado, estes comunicarán por escrito á dirección do centro a aceptación ou non deste procedemento no prazo dun día lectivo seguinte á recepción da notificación. De non comunicárselle nada á dirección do centro nese prazo, aplicaráselle o procedemento común.*
- 3. Independentemente do procedemento de corrección que se vaia utilizar, a dirección do centro educativo designará unha persoa docente para que actúe como instrutora ou instrutor do procedemento corrector.*
- 4. A dirección do centro educativo deberá encomendar a instrución dos procedementos correctores ao profesorado que teña un bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa e, a ser posible, que teña experiencia*

ou formación en convivencia escolar, mediación e resolución de conflitos o ámbito escolar. En todo caso, corresponderá aos centros educativos concretar nas normas de organización e funcionamento do centro os criterios polos que se realizará a dita designación.

5. *A persoa instrutora terá as seguintes funcións:*

- a) *Practicar cantas dilixencias considere pertinentes para a comprobación da conduta do alumnado e para determinar a súa gravidade e o seu grao de responsabilidade.*
- b) *Custodiar os documentos e efectos postos á súa disposición durante a instrución.*
- c) *Propor á dirección do centro a adopción das medidas provisionais que considere pertinentes, as medidas correctoras que se vaian aplicar e, se proceden, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 deste decreto.*
- d) *Propor á dirección do centro o arquivamento das actuacións se logo das indagacións realizadas considera que non procede corrixir a conduta.*

6. *A incoación do procedemento, así como a súa resolución, notificaranse na forma prevista no artigo 37, números 3 e 7, deste decreto e comunicáraselle á Inspección Educativa.*

Artigo 49. Decreto 8/2015. Procedemento conciliado

1. *O procedemento conciliado pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna corrixido/a e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a inmediatez da corrección educativa.*

2. *O procedemento conciliado poderá aplicarse de se cumpriren os seguintes requisitos:*

a) *Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.*

b) *No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.*

3. *O procedemento conciliado non procederá nos seguintes casos:*

a) *Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.*

b) *Cando a persoa agraviada ou, para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.*

c) *Cando a alumna autora ou o alumno autor da conduta ou, de ser menor de idade non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.*

d) Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.

4. O procedemento conciliado require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto neste decreto.

Artigo 50. Decreto 8/2015. Desenvolvemento do procedemento conciliado

1. Cando a alumna ou o alumno ou, de ser menor non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por corrixir a conduta polo procedemento conciliado, a dirección convocará a persoa docente designada como instrutor/a do procedemento corrector e as persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.

2. Na reunión, a persoa instrutora recordarlles ás afectadas e aos afectados ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Tamén advertirá a alumna ou o alumno e, de ser o caso, as persoas ou representantes legais desta/e que as declaracións que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.

3. Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, propondrá algunha das medidas correctoras para aquela conduta. A continuación, a persoa instrutora dará a palabra á alumna ou ao alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección.

4. A petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.

5. Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para conduta da alumna ou do alumno e, se procede, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 deste decreto. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno ou da alumna autor/a da conduta e da persoa agraviada ou, de ser menor non emancipado/a, das persoas proxenitoras ou representantes legais deste/a.

O acordo consensuado polas partes será ratificado pola persoa que exerza a dirección do centro.

6. O incumprimento por parte da alumna ou do alumno das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento común.

7. O procedemento conciliado finalizará unha vez obtido o acordo entre as

partes. No caso de que non se logre o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común desenvolvido conforme o previsto no artigo 53 deste decreto.

Artigo 51. Decreto 8/2015. Intervención dunha persoa mediadora no procedemento conciliado

1. No procedemento conciliado actuará unha persoa mediadora na forma que se estableza nas normas de organización e funcionamento do centro.

2. A persoa mediadora non substituirá a instrutora do procedemento, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar.

3. As funcións que poderá desempeñar a persoa mediadora neste procedemento serán as seguintes:

a) Contribuír ao proceso de conciliación.

b) Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.

c) Apoiar o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.

Artigo 52. Decreto 8/2015. Procedemento común

1. O procedemento común de corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro utilizarase cando a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por el, ou cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado.

2. O procedemento común require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto neste decreto.

Artigo 53. Decreto 8/2015. Desenvolvemento do procedemento común

1. A persoa responsable da tramitación deste procedemento corrector será unha persoa docente do centro designada como persoa instrutora.

2. A persoa instrutora deberá precisar no expediente o tipo de conduta da alumna ou do alumno, así como a corrección que corresponde en función dos feitos probados, das circunstancias concorrentes e do seu grao de responsabilidade.

A persoa instrutora disporá de cinco días lectivos para a instrución do procedemento corrector, contados a partir da súa designación.

3. Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará a proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou ao alumno e, se fose menor de idade non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, convocándoos a unha comparecencia que terá lugar no prazo máximo de tres días lectivos contados a partir da recepción da citación. Na referida comparecencia poderán acceder a todo o actuado e do resultado expedirase acta.

Artigo 54. Decreto 8/2015. Resolución do procedemento de corrección, reclamacións e execución de medidas

1. Á vista da proposta da persoa instrutora, a dirección do centro ditará a resolución escrita do procedemento de corrección, que considerará polo menos os seguintes contidos:

a) Feitos probados.

b) De ser o caso, circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade.

c) Medidas correctoras que se vaian aplicar.

d) Posibilidade de solicitar ante o consello escolar, no prazo de dous días lectivos desde a recepción da resolución, a revisión da medida correctora imposta.

2. A dirección do centro notificaralle por escrito á alumna ou ao alumno ou, de ser menor de idade non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e a resolución adoptada no prazo dun día lectivo a partir da recepción da proposta da instrutora ou do instrutor, e remitiraa á xefatura territorial correspondente.

3. As correccións que se impoñan por parte da dirección do centro en relación coas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poderán ser revisadas polo consello escolar por instancia das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es, de acordo co establecido no artigo 127.f) da Lei orgánica 2/2006, para os centros públicos, e o artigo 57.d) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación para os centros concertados.

4. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

5. As correccións que se impoñan por este procedemento serán inmediatamente executivas.

d. Prescrición das condutas contrarias á convivencia e das medidas correctoras.

Artigo 56 Decreto 8/2015. Prescrición de condutas e de correccións

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docente, tipificadas neste decreto, prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

2. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese.

3. En caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase o cómputo do prazo de prescrición no caso de producirse a caducidade do procedemento.

4. As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das

condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

Para os informes, recollidas de datos, actas de entrevista con alumnado afectado, familias, resolucións, etc. utilízanse os anexos do portal EDU CONVIVES da Consellería de Educación:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>

Capítulo VIII. Normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro, a súa composición, a periodicidade das reunións e o plan de actuación e, de ser o caso, da aula de convivencia inclusiva ou da escola de nais e pais.

a. Composición.-

Estará composta polas persoas representantes do alumnado, profesorado, familias e persoal de administración e servizos, na mesma proporción en que se encontran representadas no consello escolar do centro ou órgano equivalente. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente

Composición actual:

- Directora.
- Xefe de estudos.
- Orientadora.
- Coordinadora de benestar.
- Representante alumnado.
- Representante familias.
- Representante persoal de administración e servizos.

A súa composición renovarase todos o cursos na reunión ordinaria de setembro.

b. Reunións.-

Con carácter preceptivo e ordinario, a Comisión reunirse nas seguintes datas para tratar os puntos:

DATA: SETEMBRO, despois da renovación dos membros na primeira reunión do Consello Escolar do curso.

TEMAS A TRATAR:

1. Constitución da comisión.
2. Lectura das funcións da Comisión (Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, Artigo 6.4.).
3. Revisión do Plan de Convivencia co obxecto de adaptalo ás conclusións derivadas do seguimento e avaliación do mesmo feito na reunión do Consello Escolar de xullo que incluírá accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os

membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos. Incluirá a revisión das medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

4. Propor as persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

DATA: XANEIRO, previamente á reunión do Consello Escolar do segundo trimestre.

TEMAS A TRATAR:

1. Seguimento do Plan de Convivencia.
2. Información por parte de Xefatura de estudos acerca das condutas contrarias á convivencia do alumnado producidas durante a primeira metade do curso e do cumprimento efectivo das medidas correctoras nos termos en que fosen impostas.
3. Seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
4. Elaborar un informe coas actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas correctoras impostas co obxecto de informar ao Consello Escolar na próxima reunión.

DATA: XUÑO, previamente á reunión do Consello Escolar e do Claustro final de curso.

1. Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro durante o curso, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia e as actuacións desenvolvidas e correccións e medidas disciplinarias impostas. Incluirá así mesmo unha comparativa coa memoria anual de cursos precedentes. Este informe será trasladado ao Consello Escolar do centro e ao servizo de Inspección Educativa.

Con carácter extraordinario deberá reunirse cantas veces sexan precisas e sempre que así o esixa o cumprimento do *Artigo 54.3 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.*

c. Plan de actuación da aula de atención educativa e convivencia.

No curso 2018/19 ponse en funcionamento a aula de convivencia como medida organizativa para favorecer a mesma.

- Criterios e condicións para a atención do alumnado:

Establecidos pola comisión de coordinación pedagóxica..

Alumnado disruptivo día a día aula:

Reincidente na actitude e condutas.

Que presente deficiencias de autocontrol, relacións persoais, disposición ás tarefas escolares.

A atención na aula pode facilitar a mellora da súa actitude.

Alumnado ao que se lle aplican as seguintes medidas correctoras:

Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.

Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro.

Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases.

Suspensión do dereito de asistencia ao centro.

Alumnado ao que lle aplican medidas correctoras derivadas dun procedemento corrector

Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.

Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro.

Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases.

Suspensión do dereito de asistencia ao centro.

- Actuacións que se desenvolverán

Alumnado disruptivo.

Portará o material para realizar o traballo que lle encomenda o/a profesor/a, quen informará as familias.

Proporcionarase copia das tarefas propostas á xefatura de estudos.

Alumnado con medida correctora.

Previo rexistro en XADE.

Planificación e organización do traballo a realizar, por parte de xefatura de estudos, en coordinación co equipo docente e o departamento de orientación.

- Profesorado responsable.

O número máximo de horas ao día de atención na aula estará en función do profesorado dispoñible, tentando garantir recreos e últimas horas (que presentan maior conflictividade).

Será responsabilidade do profesorado seleccionado en cada curso, coordinado conxuntamente polo departamento de orientación e xefatura de estudos.

- Programación das actuacións do departamento de orientación que favorezan a reflexión do alumnado

Programa de habilidades sociais

- Horario, localización, instalación e material didáctico.

Recreos e/ou últimas horas segundo dispoñibilidade horario do profesorado.

Aula de reducido tamaño, sita en zona de dirección, con mobiliario disposto para facilitar o diálogo e reflexión.

Material proporcionado por departamento de orientación e material didáctico proporcionado polo profesorado de materia.

O Decreto 8/2015 establece no artigo 25: Aula de convivencia inclusiva

1. *A consellería con competencias en materia de educación regula o réxime de funcionamento das aulas de convivencia inclusiva previstas no artigo 19.3 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, cuxa vocación é substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible, na forma que se recolle no artigo 8.4.d) deste decreto.*
3. *A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado/a.*

Capítulo IX. Mecanismos de coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno

As visitas e reunións cos futuros estudantes e as súas familias son de vital importancia, posto que son o primeiro contacto que teñen co centro e buscan construír vínculos coa comunidade educativa.

1. Visita ao centro do/das estudantes dos centros adscritos:

Os Departamentos de Orientación planifican a visita do alumnado co fin de facilitar o tránsito de 4º da ESO a 1º de Bacharelato.

2. Reunión cos Centros de Educación Primaria adscritos.

No mes de xuño de cada ano académico, prodúcese unha reunión do profesorado titor e os/as orientadores/as dos centros coa orientadora e xefa de estudos do centro, co fin de planificar o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado que se incorpora a secundaria.

3. Xornada de presentación ás familias de alumnado 1º ESO.

Capítulo X. Estratexias para realizar a difusión do Plan de Convivencia

O Plan de Convivencia xunto cos demais documentos que integran o Proxecto Educativo do Centro, estará a disposición do alumnado e familias na páxina web do centro.

Capítulo XI. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do Plan de Convivencia

Proceso de seguimento e avaliación.

- Seguimento:
 - Reunións da comisión de convivencia trimestrais e de carácter ordinario.
 - Reunións da comisión de convivencia de carácter extraordinario, cando sexa preciso.
- Avaliación:
 - Memoria do plan de convivencia de acordo cos datos e coas conclusións extraídos do proceso de seguimento e avaliación.
 - Enquisas de satisfacción dos diferentes sectores que integran a comunidade educativa.

Propostas de mellora:

A mellora da convivencia no centro é unha das liñas de actuación prioritarias, concretamente potenciar a solución pacífica de conflitos.

